

RUTA ESCULTÓRICO-MONUMENTAL

RUTA LONGA
8 KM.



UN INTERIOR ÚNICO



CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Turismo
<http://turismo.lalin.gal>



CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Turismo
<http://turismo.lalin.gal>

RUTA ESCULTÓRICO - MONUMENTAL

A ESCULTURA LALINENSE

Lalín é unha terra que ten dado moitos artistas; unha terra onde se aprecia a arte. Boa proba diso son as máis de trinta esculturas que se reparten ó longo do municipio, e de maneira especial polo casco urbano. Son unha invitación a percorrer as nosas rúas de vagar, fixándose nelas e, de paso, saborear o dinamismo da nosa vila. As rutas que propoñemos son orientativas, non dubide en variar o itinerario para coñecer de primeira man o bo facer dos nosos profesionais do comercio e da hostalaría.

Nestes percorridos atopará artistas locais e foráneos, algúns consagrados e outros menos coñecidos, aínda que igual de interesantes.

Comezamos polo monumento que durante moito tempo representou a Lalín e que homenaxea a un dos seus fillos mais ilustres, o aviador Joaquín Loriga Taboada. Comezamos aquí por ser este o monumento máis antigo da vila, situado no que foi o núcleo orixinario, onde durante moitos séculos se alzou unha torre e posteriormente unha capela. O seu autor é o coñecido artista cambadés Francisco Asorey, coñecido coma "o escultor da raza" pola súa capacidade para transmitir na pedra ou na madeira a idiosincrasia do pobo galego. Non é a única obra súa que atoparemos no pobo. Tamén atoparemos obras do seu discípulo, José María Acuña, sobresaínte polo detalle das súas esculturas, maiormente de temática costumista.

Das Rías Baixas tamén é orixinario Manolo Rial, autor da estatua do porco que nos últimos anos se ten convertido en referente do municipio. Alumno da Escola de Cantería de Pontevedra, ó igual que o seu irmán Carlos, Francisco Castro, José Rocha Pino, ou o artista granadino afincado en Lalín, Javier Hita.

Igual de icónica é a escultura dos cabalos realizada por Juan José Oliveira, coñecido polas magníficas representacións destes animais en bronce, coma a famosa estatua da Praza de España en Vigo. O bronce tamén é o material empregado na nosa vila por Manuel García Vázquez "Buciños", ou por Acisclo Manzano, autor da escultura bautizada popularmente, facendo gala da retranscrición lalinense, como "A folla de bacallau".

E se famoso e recoñecido é este último artista, non menos coñecido é o arquitecto César Portela, que xunto co seu fillo Sergio son artífices dos conxuntos escultóricos situados en dous dos imprescindibles pulmóns verdes da vila: a carballeira do Rodo e a de Donramiro.

Outro dúo mestre-alumno é o do máis representativo dos canteiros lalinenses, Vidal Payo, autor de numerosa escultura civil e relixiosa e responsable das obras de ampliación da igrexa de Lalín. Non menos prolífico é o seu alumno Luís Ferreiro "O Vila" autor entre outras obras dun busto de homenaxe ó seu mestre.

A nómina de escultores locais continúa con Xosé Couto Codeseira, o polifacético Antonio Taboada "Willy", ou Félix Gil, autor dos bustos de renomeadas figuras do municipio. Dos foráneos non debemos esquecer a provocadora obra de José Puchaes ou a do máis internacional, o andorrano Sergi Mas, autor da oda á fraternidade entre Escaldes e Lalín.

Para finalizar tampouco debemos deixar de lado aos autores anónimos: creadores de monólitos conmemorativos, participantes en obradoiros de emprego como os autores dos grupos escultóricos do entorno do auditorio municipal- ou o autor da que seguramente é a escultura mais antiga da nosa vila, o cruceiro de Lalín de Arriba, datado en 1675, e situado cerca do que foi, xunto coa desaparecida torre do actual Parque de Loriga, o núcleo orixinario de Lalín.

LALÍN, UN INTERIOR ÚNICO



CONCELLO DE LALÍN
Concellería de Turismo
<http://turismo.lalin.gal>

RUTA ESCULTÓRICO - MONUMENTAL

PERCORSO LONGO



LALÍN, UN INTERIOR ÚNICO

8 KM.

- CONCELLERÍA DE TURISMO -

1

MONUMENTO A JOAQUÍN LORIGA



Autor: Francisco Asorey

Ano: 1933

Materiais: Bronce e granito

Localización: Parque de Joaquín Loriga

Coordenadas: 42°39'43.6"N 8°06'46.7"W

O monumental conxunto sitúase sobre o emprazamento da antiga torre medieval testemuñal do nacemento da vila de Lalín, convertido hoxe nunha das súas prazas máis céntricas. Aplicando as novidades que se estaban a dar no poscubismo europeo, bota man dun método definido polo esquematismo e a simplificación, e deste xeito xeometriza os volumes perfilándoos case que coma puras estruturas arquitectónicas, mais sen deixar de lado a forza vital do expresionismo; e con esa admirable claridade concibe este monumento, dispoñendo un primeiro corpo en talude de grandes e regulares bloques graníticos, cunha discreta coroa de metal entre dúas palabras en bronce coma única decoración. Nas ás do "aparello", desprega dous relevos de gran forza expresionista coas figuras alegóricas de España e Filipinas en actitude de voo. Ambas estreitan as súas mans baixo o nome e a figura do aviadador en símbolo da alianza acadada en 1926 co prodixioso "raid" Madrid - Manila, realizado por Loriga na compañía de Gallarza e Estévez. Diante da cola do avión fincado verticalmente na terra, está a estatua do aviadador co seu casco, e insistindo de novo nas ideas de austeridade e mesura, o escultor troca o uniforme militar polo de mecánico, e acomoda as mans sobre unha hélice, ó tempo que sostén un pergamiño. O rostro e a man esquerda son de bronce. A limpeza de liñas é palpable na acertada silueta do avión afociñado en terra suxerindo a forma dunha cruz. A idea da cruz vese á vez reforzada na colocación da sinxela imaxe do piloto con respecto das dúas figuras voadoras. O monumento amosa un esquema marcadamente simétrico que o carga de hieratismo.
(Texto: Alicia Fernández Dapena)

2

A LAXEIRO

Sobre unha discreta peaña, achamo-la figura do xenial artista Xosé Otero Abeledo, máis coñecido como Laxeiro. Retratado con realismo, de pé, coa cabeza lixeiramente levantada e axeitadamente barbeado e ataviado coa súa particular vestimenta: sombreiro, lentes, abrigo e tapabocas. O artífice desta imaxe deixou ó pintor coas súas habilidosas mans metidas dentro do gabán, dándolle abeiro nun recanto apacible no que, aínda dende lonxe, pódenos sorrir a todos. Esta obra de sólidas formas na percura do modelo referente, demostra unha técnica cimentada na tradición, evidenciando o empeño deste canteiro formado na comarca de Deza. Esta escultura ven a sumarse ás numerosas homenaxes tributadas polo pobo de Lalín ó seu paisano Laxeiro.
(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: O Vila (Luís Ferreiro)

Ano: 1997

Materiais: Pedra

Localización: Patio do Museo Municipal

Ramón María Aller, Lalín

Coordenadas: 42°39'40.2"N 8°06'48.4"W

3

LA DANZA DE LOS AMANTES

Gran pedra ovalada cortada pola metade, as caras externas son rugosas, as internas están pulidas e dela saen dúas caras brancas que case se xuntan sin conseguilo, en aparente actitude de bicarse.

Autor: Javier Ivan Hita Rodriguez

Ano: 2011

Materiais: Granito, topcoat e cobre

Localización: Patio do museo Ramón M^a Aller, Lalín

Coordenadas: 42°39'40.0"N 8°06'48.3"W



4

HOMENAXE A WILLY

Versión en bronce dunha obra anterior do autor, en madeira. Con ela réndeselle homenaxe a este polifacético artista no primeiro aniversario do seu pasamento.

Antonio Ferradás, máis coñecido como Willy, nace na parroquia de Botos no ano 1962, artista autodidacta, xa de neno amosaba afición polo mundo das artes. Escultor, pintor, poeta, músico, organizador de eventos... deixou a súa inconfundible pegada en todos aqueles eventos nos que participou, tanto en Galicia como no extranxeiro.

Autor: Willy (Antonio Taboada Ferradas)

Ano: 2007

Materiais: Bronce

Localización: Rotonda na Avda. Xosé Cuiña, Lalín

Coordenadas: 42°39'29.7"N 8°07'00.7"W



5

CARTOGRAFÍA DA PEDRA

Formada por dez esculturas, feitas en bolos. Pedras atopadas nos montes, con formas rotundas que buscan o pasado. Petróglifos, formas orgánicas, xeométricas e curvas que beben da tradición dos dolmens e os menhires.

Autor: Javier Iván Hita

Ano: 2014

Materiais: Granito

Localización: Arredores do Castro Tecnolóxico

Coordenadas: 42° 39'35.0"N 8°07'01.8"W



6

HOMENAXE A XOSÉ CUIÑA

Esta escultura foi realizada polo artista a petición da Asociación de Empresarios de Deza coa finalidade de homenaxear a Don Xosé Cuiña Crespo, con motivo do primeiro aniversario do seu falecemento. A obra representa ao político de pé, a tamaño real, en actitude de conversa. A escultura é unha síntese do personaxe, onde o volume xurde do oco, crea espazos imaxinarios, xogando coas concavidades e convexidades como nexos de unión co espectador.



Autor: Bucións (Manuel García Vázquez)

Ano: 2008

Materiais: Bronce e granito

Localización: Avda. Xosé Cuiña,
nas inmediacións do Castro Tecnolóxico

Coordenadas: 42°39'35.0"N 8°07'01.8"W

7

ALMA DE VENTO

Gañadora do premio a obras de gran formato que concede a Fundación Feima para o fomento do arte en granito.

A escultura representa unhas ás. Mide máis de catro metros de altura e pesa máis de corenta toneladas.

Autor: José Rocha Pino

Ano: 2012

Materiais: Granito

Localización: Arredores do Castro Tecnolóxico

Coordenadas: 42°39'39.6"N 8°07'01.1"W



8

MONUMENTO HERMANAMENTO LALÍN-ESCALDES

Esta escultura foi realizada polo artista a petición da Asociación de Empresarios de Deza coa finalidade de homenaxear a Don Xosé Cuiña Crespo, con motivo do primeiro aniversario do seu falecemento. A obra representa ao político de pé, a tamaño real, en actitude de conversa. A escultura é unha síntese do personaxe, onde o volume xurde do oco, crea espazos imaxinarios, xogando coas concavidades e convexidades como nexos de unión co espectador.



Autor: Bucíños (Manuel García Vázquez)

Ano de realización: 2008

Materiais: Bronce e granito

Localización: Avda. Xosé Cuiña,
nas inmediacións do Castro Tecnolóxico

Coordenadas: 42°39'35.0"N 8°07'01.8"W

9



Autor: Acisclo Manzano

Ano: 1994

Materiais: Bronce e granito

Localización: Rotonda de confluencia das rúas Ponte,
Xosé Cuiña, Corredoira e Avda. de Cruces

Coordenadas: 42°39'53.9"N 8°07'05.7"W

A DEUSA DEZA

Nalgunha ocasión ten falado o autor do moito que lle gusta dende neno levanta-la cabeza para gozar das esculturas que máis admira, como a grega ou a do Pórtico da Gloria; quizais por este motivo case tódalas súas esculturas estean no alto, coma esta Venus de Deza, elevada sobre dun piar cilíndrico de formigón. Acisclo reduce o corpo humano a unha forma case que abstracta para presentarnos o fragmento dun torso de feminidade levemente insinuada a traveso dunha ondulación das formas que evocan unha coiraza. Por medio do tratamento do bronce, nacen as suaves curvas no estilizado talle da deusa - ménade Dezá. O escultor ourensán combina a convexidade coas granulacións e traballa con distintas platinas de óxido bañando a peza en matices de cor. Como se doutra realidade se tratara, e, de feito, colocada detrás e dándolle as costas, aparece unha figuriña de moucho de tratamento e solución claramente distinta e deliberadamente moito máis figurativa. Dende mediados dos 60, os torsos femininos cubertos con túnicas convértense nun dos temas recorrentes na obra de Acisclo. Unha vez máis o artista desenvolve un dos temas predilectos do seu repertorio iconográfico; as imaxes extraídas do mundo clásico e helenístico gregos. Apuntar como curiosidade que as xentes de Lalín teñen bautizado esta peza coma "A folla de bacallao".

(Texto: Alicia Fernández Dapena).

10

SEN TÍTULO

Arraigada escultura dun artista que desenvolve o seu traballo inicialmente en madeira. Trátase dunha obra de pedra con dúas partes: a típica peaña que sostén a figura tórnase nun só elemento, que se pode entender ben como unha figura apoiada na base, ben como se a figura saíse do bloque, ou mesmo como se unha parte da anatomía se xeometrizará. A parte inferior apenas traballada aproveita a xeometría irregular das fendaduras da barrena da pedra, recordando o testamento do escultor alemán Ulrick Rúckriem. A parte superior tamén ten influencias do expresionismo alemán, engadíndolle un dobre perfil propio do cubismo para representar unha figura andróxina en postura meditativa, repousante e altiva. Policromía parcial no pelo e nos ollos, que resalta a textura da pedra da base e o basto acabado do corpo. Finalmente a unión entre as dúas pezas realízase en cemento que, ademais de servir de pegado, figura intencionadamente como outro material en si.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: Willy (Antonio Taboada Ferradas)

Ano: 1999

Materiais: Granito

Localización: Paseo de Pontiñas

Coordenadas: 42°39'47.5"N 8°06'56.2"W

11

SEN TÍTULO



Autor: Xosé Couto Codeseira

Ano: 1999

Materiais: Aceiro e granito

Localización: Paseo do Pontiñas

Coordenadas: 42°39'48.6"N 8°06'45.7"W

Obra composta de dúas pezas, unha delas aproveita os dous materiais, ambos fríos pero con distinta significación industrial. A escena sitúase na beira da baranda que persegue o curso do río, resaltando e contrastando a horizontalidade daquela coa verticalidade en dous niveis de altura da escultura. Unha peza, feita dun paralelepípedo metálico soportado e coroado por formas pétreas, símbolo fálico, forma floral e mesmo personaxe antropomorfo sintetizado. A rentes do chan como se abrollara da herba, o segundo compoñente realizado só en pedra, apunta unha forma semellante á da coroa pero en outro estado temporal e formal; especie de abrocho semiaberto.

(Texto: Alicia Fernández Dapena).

12

FIGURAS HUMANAS

Composición formada por cinco grandes siluetas rematadas nunha base semiesférica, que o artista nos presenta a modo de desacougantes balancíns inmóbiles. Cinco integrantes illados nun coro silencioso e aletargado que aguanta con resignación a anguria da eterna rutina. Perante as figuras o espectador agarda curioso tentando descubri-lo enigma que se agocha nos calados tentemozos. Enormes xoguetes de postura parada á espera de ser bambeados.

Peza realizada para a exposición "Galicia Terra Única" onde o artista traballa nunha liña próxima á do escultor americano George Segal, denunciando a condición do home moderno por medio de personaxes cotiás escravizadas pola impotencia.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: Carlos Rial

Ano: 1997

Materiais: Formigón

Localización: Paseo do Pontiñas

Coordenadas: 42°39'47.4"N 8°06'43.9"W

13

PELEXA DE CABALOS



Autor: Juan José Oliveira

Ano: 1999

Materiais: Bronce

Localización: Confluencia das rúas Principal e Matemático Rodriguez

Coordenadas: 42°39'47.0"N 8°06'41.0"W

No centro dunha fonte de base triangular redondeada nos vértices sobre unha rocha que bota auga, sitúase unha parella de cabalos rampantes. O autor acostuma a lle dar ás súas esculturas un apoio mínimo co fin de que mesmo semellen despegar do chan, por iso axudados dunha anatomía esaxerada, cada unha destas bestas soamente se sostén nunha das súas patas traseiras, malia que un deles tamén precisa afirma-la cola na rocha. Un dos equinos ergue totalmente o seu corpo, curvando pescozo e testa cara a atrás, nunha traxectoria que tenta a verticalidade. O seu compañeiro púsalle no lombo unha pata dianteira, de xeito que aínda que o título e as posturas nos din que estamos perante unha loita, dende algún dos puntos de vista desta escultura, mesmo se nos fai pensar nunha danza. Estes animais salvaxes axitan os seus corpos nunha exhibición de forza e enfrontamento, na mesma liña da obra que fixera para a Praza de España en Vigo. Fascinado polo mundo dos cabalos que monta, cría e admira dende moi novo, o escultor chega a converter esta paixón no eixe temático principal da súa obra. Esta fonte emprazada nunha encrucillada da vila, recalca o forte vínculo que une a traveso da historia, os cabalos coas terras de Lalín; a Feira do Vento que se celebraba na comarca cada mes de abril, ou a existencia da irmandade dos Cabaleiros de Deza son testemuños palpables desta ligazón.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)

14


ORATORIO E MESA PARROQUIAL

O oratorio son dous cubos de pedra. Engarzados e enfrontados ata maclarse semellan dúas caixas de pedra. O espacio interior resultante ábrese ó exterior a traveso de tres fendas que permiten a entrada dunha raiola de sol e visionar dende dentro da cela o exterior do bosque. Pequena capela ou bunker habitable que se torna nunha sorte de espacio máxico.

O pavillón da auga é un cubo de pedra cunha pequena resgadura na cara norte a xeito de porta, e un burato circular no centro da cara superior, que permite a entrada do sol, choiva ou neve e a recolle nun pequeno estanque de planta cadrada tallado na propia pedra do chan. Debaixo do óculo, ó redor do estanque, e adosado ás catro caras exteriores do cubo, dispónse un banco perimetral que só se interrompe para permiti-la entrada e saída da caixa. Arredor do cubo, catro esculturas de formas fantásticas sobre peañas ortogonais, unha diante de cada cara. Cada figura unha cor. Unha ninfa sentada sobre unha base redonda, en postura de ioga, ollando cara o ceo. Unha figura antropomorfa metade home-metade animal con caveira, co corpo medio descarnado, agochado e apoiado nos xeonllos e cóbados, ollando cara a fronte. Unha estraña mutación sedente, ollando cara un lateral; metamorfose de muller con formas orgánicas en descomposición. Unha esfinxe monstruosa, corpo metade paxaro-metade león; dúas cabezas, unha con dous cornos e outra cun só e a lingua fóra.

A mesa parroquial de 33 m de lonxitude e 3,50 m de ancho para unha gran mesa de pedra de forma sensiblemente elíptica, rodeada por un banco tamén da mesma pedra, ben axeitada para xuntanzas veciñais.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: César Portela e Sergio Portela

Ano de realización: 2001

Materiais: Granito e bronce

Localización: Souto de García Sanchez

Coordenadas: 42°40'07.2"N 8°06'38.5"W

15



Autor: Francisco Castro

Ano: 2011

Materiais: Granito

Localización: Rúa Memorias dun Neno Labrego, Lalín

Coordenadas: 42°39'46.9"N 8°06'30.0"W

AO NENO LABREGO

Esta estatua de granito representa a Balbino, o neno protagonista da novela Memorias dun Neno Labrego escrita por Xosé Neira Vilas, portando o seu diario e o tirapedras, acompañado do seu can Pachín. Balbino é un rapaz de aldea, no que moitas xeracións de nenos galegos se viron reflectidos, e que nos axuda a entender, coas súas aventuras e desventuras, como era a vida no rural galego a mediados do século XX.

Con esta escultura réndese homenaxe a este autor nado na comarca de Deza.

16 MONUMENTO RAMÓN MARIA ALLER ULLOA

Nun lateral da igrexa da súa vila natal, no centro dun estanque circular dobre, sobre un sobrio pedestal no que só aparece algún símbolo astronómico, érguese a figura do astrónomo Ramón María Aller Ulloa. A perfecta cantería deste maxistral pedestal destaca con destreza as cavidades da esfera armilar, que coas súas curvas de ferro provoca suxestivos efectos de sombras. A figura de canón simétrico, proporcionada e sinxela, cruza as mans quedamente sobre o astrolabio e as táboas, atributos da Astronomía.

Don Ramón aparece caracterizado cos seus hábitos sacerdotais amosando sobre o seu corazón a cruz de Santiago en distintos matices. Simbolizando a ledicia e modestia do astrónomo, Asorey esculpiu un rostro sereno, de sorriso bondadoso. Na obra campan algúns símbolos da disciplina que cultivou baixo as sempre parcas lendas asoreianas, agora só co primeiro apelido do sabio e os rotundos vocábulos de "Ciencia" e "Virtud"; lemas que resumen a súa vida. Esta escultura que media, como o seu protagonista, entre o ceo e a terra, recolle perfectamente o talante modesto de Ramón Aller e subliña a paz e serenidade da súa persoa. Estatua e pedestal harmonizan axeitadamente en simplicidade e esquematismo, e aparecen definidos por unha sinxeleza que non lle resta importancia ningunha ó conxunto. A bela policromía acadada mediante a alternancia de granito de cores acrecenta o sumo interese de tan exquisita obra.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: Francisco Asorey

Ano: 1960

Materiais: Bronce, ferro e granito branco, negro e vermello

Localización: Xardíns da Praza da Igrexa, Lalín

Coordenadas: 42°39'40.3"N 8°06'40.3"W

17

BUSTO DE VIDAL PAIO

Busto de granito, material que el mesmo empezou a traballar con tan só 13 anos nos montes de Alemparte (Lalín), a súa terra natal. Canteiro e escultor, con 19 anos xa tiña a súa propia cuadrilla de canteiros. Podemos atopar obras súas en distintas vilas galegas, pero tamén en Madrid, Alemania e Argentina, e como non en Lalín, onde ademais de esculturas, imaxes relixiosas e cruceiros foi o encargado da ampliación da igrexa construindo as naves laterais, a sacristía e o campanario da mesma.

Finou en 2008 e este busto foi inaugurado no primeiro aniversario do seu pasamento para recordar a súa figura.



Autor: O Vila (Luís Ferreiro)

Ano: 2009

Materiais: Granito

Localización: Praza da Vila

Coordenadas: 42°39'39.2"N 8°06'41.4"W

18

Á NAI

Colocada sobre un gran penedo reboludo atopamos esta maternidade sedente amamantando ó seu recién namentres que outro fillo se lle prende pola dereita, sen deixármonos ve-la súa cara. A muller-madonna de longo cabelo recollido en trenza, semella pensativa e a súa indumentaria é ben sinxela: zocos, saia longa, e unha camisa que destapa con orgullo un dos seus xenerosos peitos.

É ben doado recoñecer nestas formas redondeadas polo canteiro a figura da matriarca galega tan sobria e robusta como a mesma solución escultórica. Mamanteira xenerosa e portectora como naquela lonxana historia de Rómulo e Remo. Nai que tantas veces saíu do obradoiro deste artista de Alemparte. De seguro que o mestre tentando render homenaxe a tódalas nais galegas pensaba na súa que non chegou a coñecer.

Cabe salientar que, aproveitando a cor caprichosa dunha veta de granito, o rapaz que está espido presenta unha fermosa pel rosada.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: Vidal Payo

Ano: 1986

Materiais: Granito

Localización: Praza da Vila

Coordenadas: 42°39'39.1"N 8°06'41.3"W

19

HOMENAXE AO LABREGO

Esta obra xorde a partir dun pequeno orixinal "Ofrenda de la cosecha" feito anos antes tamén polo mesmo autor. Cara á igrexa parroquial de Lalín, no extremo dun muro de conglomerado de arenisca sitúase unha parella de labregos en actitude de ofrenda e agradecemento.

De pé, corpos e facianas de seguro curtidos polo traballo con cadansúa aixada e vestidos coas roupas humildes propias das tarefas do campo. A muller xunta as mans en actitude de oración para dar grazas, namentres o home ofrece os froitos da terra ó ceo; xuntos, ollando cara ó infinito, amósalle a súa gratitude á Natureza. O seu autor que traballa na conxunción de realismo e sentimento, sérvese dun vocabulario académico, debuxando con destreza as anatomías, mais tentando simplificar excesivos detalles folclóricos na roupaxe. O tema costumista enriquecese dunha forte carga espiritual para trocarse en digno testemuño das xentes que traballan arreo no rural galego. Pódese atopar un paralelismo temático coa obra do representante do realismo francés Millet, L'angélus.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: José M^a Acuña

Ano: 1986

Materiais: Bronce

Localización: Praza da Vila

Coordenadas: 42°39'38.4"N 8°06'40.9"W

20

AO EMIGRANTE



Autor: José M^a Acuña

Ano: 1986

Materiais: Bronce e granito

Localización: Praza da Vila

Coordenadas: 42°39'37.3"N 8°06'40.7"W

Pequeno monolito de granito, de forma paralelepípeda e con remate piramidal.

Na súa fronte un baixorrelevo de bronce recolle con gran naturalismo unha emotiva escena alusiva á emigración. No marco dunha paisaxe rural, unha parella de vellos labregos, de costas ó espectador, despiden un barco que se afasta ó lonxe.

No extremo superior esquerdo, nunha incisión pintada, leva o escudo de Lalín coa banda requintada de dous leóns e a árbore.

A pesar de que os relevos de Acuña non son tan coñecidos como as súas esculturas, recoñéceselle o mesmo costumismo que aplica no vulto redondo.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)

21

MONUMENTO AO NENO

Sobre un bloque paralelepípedo de granito cos cantos perfilados en metal o artista sitúa unha parella de rapaces que xogan ás lombas. O máis miúdo deles é captado no intre preciso en que dá o salto no aire, sostido por outro rapaz máis corpulento. O escultor animase a rompe-lo volume co fin de sacar partido dos buratos na combinación de cheos e baleiros, cóncavos e convexos. Recoñecemos nas formas sinxelas a man deste autor que escolle como outras moitas veces o tema dos nenos, movido polo sentido lúdico co que lle gusta impregnar as súas creacións. Dinamismo e elegancia únense conformando unha figuración chea de ritmo.

(Texto: Alicia Fernández Dapena).



Autor: Buciños (Manuel García Vázquez)

Ano de realización: 1988

Materiais: Bronce e granito

Localización: Unión peonil da Rúa Joaquín Loriga
coa Rúa Observatorio

Coordenadas: 42°39'38.8"N 8°06'45.1"W

22

MONUMENTO AO PORCO



Autor: Manolo Rial

Ano: 2001

Materiais: Bronce

Localización: Rúa Colón

Coordenadas: 42°39'41.4"N 8°06'44.4"W

As polémicas veciñais acerca da oportunidade de situar esta obra no centro da vila, medio pobo a favor e medio en contra, xa foron un bo agoiro para este animal que se pasea mansamente pola rúa de Lalín. Finalmente, cando a xente toda estivo afeitada á súa presenza, converteuse no punto da vila máis fotografado; constatación de presenza, a xeito de souvenir. A escultura afincada directamente sobre o pavimento, traballada con soltura e realismo amosa un bo exemplar porcino; carne de calidade embutida que se forma e presenta en metálica conserva. Un descarado fociño e unha incógnita ollada que se agocha tras dunhas grandes orellas colgantes, presiden a cacheira ladeada deste porco pesado e robusto que camiña paseniño exhibindo as redondeces do seu corpo gordecho. Á hora de facerlle unha merecida homenaxe a un dos animais máis salientables do gando galego, que é por iso unha dedicatoria ó protagonista absoluto da gastronomía local, Manolo Rial imaxinou un porco ben feito, san, cebado, capado e sen cheiro; un porco que folga calmo, elegante e rotundo pola vila, ignorante da chegada do San Martiño.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)

23

LEITEIRA

Figura de granito que representa a unha muller rural galega, levando na cabeza un balde de leite.



Autor: Vidal Payo

Ano de realización:

Materiais: Granito

Localización: Interior das Galerías Pelayo

Coordenadas: 42°39'43.8"N 8°06'44.8"W


LALÍN UNICO

24

SEN TÍTULO

Cun propósito provocador xa recorrido dabondo, nace esta peza de reducido formato e contornos cóncavos, aparentemente brande e maleable que descansa sobre a herba. A forma cúrvase sobre si mesma nunha rosca, xerando unha cavidade que a torna casualmente nunha estraña pía escatolóxica convertida en receptáculo de desperdicios ocasionais. O público que se atopa con esta obra, que representa nin máis nin menos que un desmesurado excremento, reacciona habitualmente de xeito contradictorio; mais sen dúbida o coprólito - metáfora invita ó espectador á reflexión sobre certas inmundicias e miserias sociais.

(Texto: Alicia Fernández Dapena)



Autor: José Puchaes

Ano: 1998

Materiais: Granito

Localización: Parque de Joaquín Loriga

Coordenadas: 42°39'44.1"N 8°06'46.3"W

ESCULTURA